

O PCG–PCE e o Comité para a liberación do Cinco da Coruña integrante da Asociación de Amizade Galego Cubana Francisco Villamil, celebran un acto de confraternización co pobo cubano **hoxe, venres 15 de abril ás 20.30h na Cervexería Guamá (rúa Puerto Rico, 15)** que contará ca presenza de Alejandro Fuentes, cónsul xeral de Cuba en Galiza.

Estes días vimos de celebrar efemérides tan cruciais para Cuba como para España como foron:

-

O día 14 de abril de 2011 cúmprese o 80º aniversario da proclamación da II República en España e do abandono forzado do rei Alfonso XIII de Borbón.

-

O día 16 de abril cúmprese o 50 aniversario da proclamación por Fidel do carácter socialista da Revolución cubana no acto polos falecidos o día anterior nos bombardeos sobre Cuba dos avións de guerra de EE.UU.

-

Entre o 17 e o 19 de abril é o 50º aniversario do desembarco de forzas contrarrevolucionarias pola zona da Ciénaga de Zapata, no que constituíu a primeira derrota do imperialismo norteamericano en América Latina, coñecida como a Vitoria de Praia Girón.

Neste acto de confraternización entre pobos, Alejandro Fuentes abordará temas tan importantes e actuais como a celebración do VI Congreso do PCC estes días. Ao remate do mesmo, entregarase un dvd aos asistentes sobre a represión franquista en España e poderase participar nunha pequena festa para finalizar.

Viva a República! Viva Cuba!